

A forza do Cooperativismo

O cooperativismo é un movemento social cunha longa traxectoria e enorme experiencia acumulada. As cooperativas son empresas que se rexen polo interese colectivo, onde as persoas priman sobre o capital e a xestión é participativa e democrática. As empresas cooperativas susténtanse nas ideas, ilusión e esforzo dos e das traballadoras, o que se traduce nunha maior resistencia ante os períodos de dificultade, nun maior enriquecemento persoal e nun maior compromiso co territorio no que se insiren.

Cultura e cooperativismo

Vivimos nun contexto de crise que afecta ao conxunto da actividade económica, e que castiga con especial virulencia ao sector cultural. Nesta conxuntura, os e as profesionais da creación están a redefinir os seus modos de traballo, buscando novas vías que lles permitan subsistir e viabilizar os seus proxectos. Entre outras, están a apostar por fórmulas que facilitan a cooperación entre profesionais independentes (coworking). Albíscase pois un interese crecente por modelos inspirados nos valores da economía social.

Desde a Dirección Xeral de Cooperativismo e Economía Social e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia consideramos que é o momento de impulsar o coñecemento mutuo entre o sector cultural e a economía social. Porque a cooperación é decisiva á hora de desenvolver iniciativas culturais. E porque a cooperación e a creatividade son aliadas necesarias para afrontar os retos do futuro.

Programa da Xornada

16:00. Acreditación e benvida

16:30. Presentación das liñas en emprendemento da Fundación Cidade da Cultura de Galicia Beatriz González Loroño.

Directora-Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia

16:50. A Rede Eusumo e outros servizos e incentivos que impulsan novas cooperativas

Xoán Miguel Concheiro Abal

Subdirector Xeral de Cooperativas e Economía Social, Xunta de Galicia

17:10. O modelo cooperativo e as súas posibles aplicacións no sector cultural

Ana Lorenzo Vila

Equipo técnico da Rede Eusumo

17:40. Actuación do grupo de cámara do Conservatorio Histórico de Santiago

18:15. Descanso

18:30. Experiencias cooperativas no sector cultural

- Grupo Mus21. Madrid
- Culturactiva. Santiago
- O Cable Inglés. Vigo
- Conservatorio Histórico de Santiago.

19:45. Clausura da Xornada

Odilo Martiñá Rodríguez

Director Xeral de Traballo e Economía Social

Rede Eusumo

Eusumo é unha rede impulsada pola Consellería de Traballo e Benestar e dedicada á promoción do cooperativismo e a economía social en todo o territorio galego, mediante accións de formación, divulgación e asesoramento. A rede está constituída por máis de cincuenta entidades e institucións públicas, privadas e sociais.

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

Unha das múltiples actividades que desenvolve a Cidade da Cultura de Galicia é a da promoción do emprendemento e a incubación de empresas no eido cultural e creativo. O edificio bautizado como Centro de Emprendemento Creativo de Galicia, acolle un espazo de coworking en colaboración coa AGADIC, e presta numerosos servizos aos profesionais alí aloxados.

A asistencia á xornada "Cooperativas no sector da cultura" é de balde previa inscrición. A xornada está orientada a profesionais e emprendedores do sector cultural, axentes e entidades de fomento do emprego e do emprendemento, membros de empresas cooperativas e público en xeral.

As inscricións realizaranse ate completar aforo e por estrita orde de solicitude. O prazo de inscrición conclúe 24 horas antes do inicio da actividade. A todas as persoas asistentes se lles entregará un diploma acreditativo.

Información e reservas: cultura@eusumo.coop e 634555029.

COOPERATIVAS NO SECTOR DA CULTURA.

A economía social como resposta



fundación cidade
da cultura de galicia

13 DE NOVEMBRO 2013

Cidade da Cultura de Galicia

Sala Eisenman

Centro de Emprendemento Creativo

Monte Gaiás s/n

SANTIAGO DE COMPOSTELA